



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: SUSPENSIÓN SESIÓNS ÓRGANOS COLEXIADOS DURANTE O ESTADO DE ALARMA EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO NÚM. 2020/G003/000184 EXPEDIENTE: 2020/G003/000167

José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe, (A Coruña),
Visto que o venres 13 de marzo, a Xunta de Galicia acordou declarar a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia activando o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia, publicandoo no DOG desa data núm. 50.bis.

Visto que o 14 de marzo o Goberno de España declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria mediante Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo no que ademais das medidas de restricción da mobilidade e asunción de competencias transferidas, determina a paralización dos procedementos administrativos e dos prazos dos mesmos así como os procesais e a suspensión dos prazos de prescripción e caducidade de accións das entidades do sector público ata o alzamento da declaración do estado de alarma.

Visto que no DOG núm. 51 de 15 de marzo publicase a resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19 que en liña coas anteriores actuacións promove o menor desplazamento e presenza física das dependencias das administracións autonómicas e local impondo como medida xeral o teletraballo ou a interrupción de funcións en caso contrario, garantindo a prestación de servizos esenciais debendo estar localizables en todo momentos os empregados públicos e remitindo a atención ao público de carácter telefónico sen perxizo das excepcións previstas que deberán adecuarse aos servizos que se consideran esenciais,

Considerando o anterior, esta Alcaldía vese na necesidade de adoptar medidas de carácter temporal e excepcional, que poderán variar en función do desenvolvemento dos acontecementos, e en función das directrices formuladas polas autoridades sanitarias tanto autonómicas como estatais, dando en todo momento cumprida información e máxima publicidade, polo anterior e en base as atribucións conferidas polo artigo 21.1.m) da Lei de bases de réximen local,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Suspende de xeito excepcional e cautelarmente a celebración das sesións dos órganos colexiados, mentras permaneza a situación excepcional do estado de alarma.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

SEGUNDO.- Avocar a competencia nos asuntos delegados pola Alcaldía na Xunta de Goberno por resolución nº 921/2019 e nº 498/2019 mentras permaneza a situación excepcional do estado de alarma.

TERCEIRO.-Comunicar a presente resolución a tódolos membros da Corporación.

Mándoo e asínoo en Laxe (na data sinalada ao marxe)

O alcalde,

A secretaria-interventora,

José Luis Pérez Añón

Begoña Carrasco García